

Laudatio a Nacho Taibo, na homenaxe "O Escritor na súa Terra – Letra E"*

Señor alcalde do Concello de Oleiros.

Señor presidente e secretaria da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

Autoridades aquí presentes.

Amigas e amigos do escritor homenaxeado.

Amigo e mestre Nacho Taibo.

É unha honra coincidir na corda pola que se descolgan espazos e tempos nun lugar como este, no concello de Oleiros, e nun día como o de hoxe, coas persoas aquí convocadas para acompañar Nacho Taibo nun acto que quere ser festa. É unha honra cadrar no lugar, o emprazamento escollido polo Escritor na súa Terra, por ser chan de hospitalario acubillo para dúas persoas que, non sendo nada aquí, conxugaron amores novos nas súas paisaxes. Os eidos dun Perillo rural á altura da adolescencia, O Castaño que aínda se soñaba monte ou as ondas do mar de Santa Cristina, onde si se vían amigos e amigas, foron lugar ameno e fecundo en ledicias para Nacho Taibo e para quen vos fala. O honor do día débese ao engado dos afectos que se tecen a través dos ciclos nos que xiran as vidas.

Foi en Perillo, a través do fío do ensino, onde atopei desde a cadeira de estudante ao Nacho Taibo profesor, ao docente que facía maxia coas letras e coas lámpadas. Para os encantos dunhas e outras foi ben precoz. Como lembra o autor nalgunha ocasión, mentres o Nacho mozo recibía en transmutación feiticeira o legado de Cunqueiro ou Rosalía, atopaba nos seus paseos perilláns lámpadas ladinas desde a que un xenio prognosticaba: «Dentro de vinte anos haberá aquí un instituto, e nel ensinarás galego e a súa literatura...».

Non se enganaba o xenio. En maio de 1989 inaugurouse o IES Neira Vilas e no seguinte curso Nacho Taibo incorpórase ao Departamento de Lingua e Literatura Galega para non deixalo ata a xubilación, momento no que o instituto volve facer de elo que permite atopármonos noutra reviravolta dos camiños da vida. A súa entrega é asombrosa. O seu compromiso co centro e co alumnado, que lembra á dedicación ao ensino que profesaba María Victoria Moreno, autora que tanto chegamos a coñecer nestes días pasados, sempre estivo por riba, segundo ten manifestado moitas veces, do seu labor como escritor. Así, Nacho era o profesor que explicaba a historia na que emerxían os textos, as circunstancias que facían agromar os cantos e as narrativas que parrafeaban cos tempos; o profesor que detiña a explicación para escoitar cada unha das interpretacións que o alumnado facía dun verso; o profesor que imitaba persoeiros reais para convertelos en

* Inma Otero Varela. Castelo de Santa Cruz, a 16 de xuño de 2016

personaxes literarios do gran teatro do mundo, mesmo se este acollía o formato do sainete; o profesor que non pasaba nas puntas dos pés sobre episodios que requirían pisada firme, cando non parada demorada para asentir pasos reparadores; o profesor que se preocupaba polo estado das persoas das últimas bancadas cando a forza dos seus espirros podía desestabilizalas; o profesor que entendía e atendía as necesidades de quen sentaba fronte a el; o profesor, en definitiva, que desde a sensibilidade e o humor ensinaba que a lingua e a literatura non se constrúen só con letras.

É difícil desligar as trabes que sosteñen un ser humano, sobre todo cando a comunicación precisa da consistencia da casa. Non se pode individuar a viga na que repousa o docente da viga na que se apoia o escritor, ou o amigo ou o cidadán lúcido. Nacho Taibo abre fiestras nos textos, tanto desde a análise pedagóxica como desde a creación ou a conversa distendida. Desde esas ventás asómase aos outros para botar cabos que amalloen a vida e a literatura nos retornos das súas singraduras. Así nos aconteceu a moitas das súas alumnas e alumnos que xa, nunca máis, quixemos baixar das naves ás que nos subiu, sexan estas as dornas do ensino, as chalanas da crítica ou da creación ou, simplemente, os pailebotes da existencia, nos que embarcou tamén Manuel Antonio, autor de referencia de Nacho Taibo e que explicaba desde o saber que lle deron os estudos de Enxeñaría Naval. Porque, de novo, a trabe dos eventos da vida suxeita a vida dos acontecementos da escrita; da propia e da que alimenta a propia a través da lectura e a súa transmisión nas aulas.

Uns anos antes da experiencia docente comeza Nacho a súa navegación en terra firme, ben dentro, nunha viaxe forzada que parte do Atlántico para arribar no páramo madrileño, preto dos últimos días nos que aboiaba en augas amnióticas. Vén o autor ao mundo cunha saudade de bossa nova baixo o brazo. A anguria bebe na raia máis seca que encerran os centros, no Madrid arrítmico que peta na porta dos anos 50, cando el sempre preferiu as liñas de fuga que abren fendas nas clausuras. Mais estaban aí as illas que pairaban sobre os espazos do verán e os tempos litorais, coa brisa das estadías coruñesas e mariñás, e de novo Santa Cristina, que ventilaban caudillismos cando viñan poñerse ao clareo da salitre. Nunca foi Madrid *città aperta* para o escritor, menos cando tiña que traballar de contable nun banco, nun dos pendellos, á fin, onde se destilaban ás escuras os líquidos dunha economía que el entendía trampulleira e á que nunca axitaba a excitación das marusías. E como a vida nutre os textos, a tensión entre a aridez madrileña e o resío revitalizador das Mariñas, ou o que é o mesmo, a dicotomía ente reclusión e liberdade que sustenta todas as identidades dobres, artellará a súa produción literaria. As únicas airexas madrileñas, tamén reflectidas na súa obra, virán da man das amizades con outros galegos desterrados, entre eles o seu lembrado Reimundo Patiño, no medio das turbulencias necesarias dos finais dos anos 70 que compaxinou cos estudos de Socioloxía. Dimorfismo subxectivo e colectividade

duais, a contradición tanxible como único medio no que pode xerminar o ser humano.

O final da ditadura cadra co remate do seu exilio persoal lonxe do mar e lonxe da Galiza, eixos sobre que viran os centros das súas marxas. Instálase nas Mariñas, denominación iconoclasta do territorio que conforma a súa fronteira aberta, os marcos ideais dun espazo tamén en diástole desde o que saír ao mar da vida e da literatura, universos para os que non existen lindes. Tampouco os hai para os desprazamentos das responsabilidades ideolóxicas e cívicas, das obrigas cunha comunidade que se asocia desde a escolla libre e solidaria, como se verá no seu traballo en prol de artellar estruturas para un país tales como a propia Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

Como preludeo do seu traslado definitivo ás Mariñas comeza a súa traxectoria na ficción desde a beira do autor con obra publicada. En 1975 ve a luz en Edicións Castrelos, dentro da colección O Moucho, o libro de relatos *Os inmortáís*, abertura que estrea algunhas das cadencias que resoan en toda a súa produción. Xa ben o apreciaron os editores que avisan da posición nas divisorias dun autor que presenta «unha elaboración eminentemente intelectualista» (páx. 7) de temas «enraizados en tradicións e arelas presentes en todas as culturas populares, e máismente nas do noso mundo de raigame céltica.» (Íbid.)

Certamente tamén eles parecían ter unha pequena lámpada desde a que vaticinar o interese que sempre amosaría Nacho polos mitos, polas raíces que inscriben a nosa configuración social ou sociolóxica, desde unha ficción con vocación de verdade, ou se cadra desde unha verdade que precisa a fórmula da ficción. Porque o oxímoro é o enunciado das marxas, dos espazos raianos onde fai morada o escritor. Desde aí constata a existencia dun mago Merlín que decide, nun momento dado da súa vida, renegar da inmortalidade en liña recta para retroceder no tempo e volver á nenez, tal e como sinalaría un manuscrito gaélico de historia escorregadiza. Desde o peitoril deste primeiro relato, Nacho xa apunta a súa propensión á materia de Bretaña, aos manuscritos e aos alfabetos, á diversidade de signos que materializa a diversidade de codificacións do real. Pero o aviso máis cumprido, para quen o le e seguirá léndoo, de cal será a melodía da súa obra futura atópase na introdución do autor. Nela alude á súa percepción do tempo como sinónimo de vida e castigo, polo que só se pode afrontar desde a antítese: «Non hai loita posíbel contra o tempo. / Pero fóra do tempo hai algo. / Fóra do camiño está a resposta.» (Íbid.: 11)

Tempo e espazo pavimentan o camiño do escritor. Son os miliarios que non marcan, senón que alongan en horizonte albiscado polos ollos da imaxinación, o traxecto do viaxeiro que non quere ser turista; que fai da travesía expedición aguerrida onde o único *souvenir* posible é o do risco de vivir o alleo como propio. Nacho Taibo é esoutro Ulises que triangula polo ángulo case recto da Galiza os recantos lendarios de Grecia e Irlanda, para abrir logo, en xeometría libertaria, as

arestas cara os espazos atemporais de Brasil, Italia e outros mares. As cartas de navegación trazan o itinerario da súa biografía rica en experiencias e vizosa no fabular porque, á fin, a ficción é tamén vivencia, un modo de transitar espazos reais e subxectivos no que sempre fica lugar para o compromiso cunha xustiza que asenta os pés na terra que pisan os homes e mulleres de ningures. As boas familias que mercan a súa posición con cartos manchados polo po da explotación non poden coutar a loita dos seres pacíficos, a memoria dos que pairan nas augas dos perdedores, aqueles aos que se converte en vencidos das guerras, dos conatos de democracia, das ilusións do progreso económico ou das colonizacións. Posto que a fantasía da historia non sempre é utopía, como viaxar polo tempo non sempre é invención, os relatos que apalpan os acontecementos do pasado precisan a seguranza de experimentar co discurso e a vangarda no pensar. Precisan de Ulises que fondeen as illas nas que a verdade é soño e o soño, un acto real.

Por iso a onomástica lúdica como único xeito de nomear os espazos e os corpos híbridos. De aí as Semancias, para designar os períodos de sete días dos Amancios paranoicos debido ás obstrucións propias da identidade bífida dos madrilegos; os Ulixas que luxan os mitos cando prenden nas silvas que sementan deusas e bocois para matar a abulia do retorno á Itacasa; os Don AhrDee, que fan arder en desexos a quen mira mentres eles fan carambela das brasas. Por non falar doutros cruzamentos patronímicos que desvelan identidades mestizas máis perigosas, como as que se ocultan tras o Señor das Illas de Lusco e Fusco, título dun tal Conde de Deimos e Fobos, tras algún rexedor diglósico como MirustéLacóruz, ou tras a Perla extraperlista. O xogo da nomenclatura permite o achegamento cáustico cara unha realidade pouco grata; a desmitificación da cifra expón as evidencias dunha ontoloxía que aínda se palpa mellor na materialidade da terra que viaxa nos nomes dobres.

As palabras e as cousas, que dicía Foucault, tensorán os fíos que cosen a obra de Nacho Taibo. Serán a proa e popa da súa nave. Desde ela arrímase aos feitos consumados da historia na que tanta importancia teñen os acontecementos como o relato, palabra á que hoxe en día desvalixaron do seu significado. Non é así no uso que Nacho Taibo fai do termo. O seu achegamento ao pasado aproxímase ás crónicas medievais onde historiografía e mito son indisolubles, onde tanta importancia teñen as representacións que se fan credo como a inmanencia dos sucesos. Por iso tamén a referencia ao ciclo clásico, aos odiseos e os seus monstros como rexistra, entre outros textos, no *Informe bestiaro*.

Non queda aquí a predilección pola historia. A inclinación polos reversos dos obxectos que se poñen baixo a luz das memorias oficiais lévao a indagar saídas virtuais nas encrucilladas das identidades. De aí veñen a epopea de Tamorlán seguida de cerca por un galego de apelido ilustre, Paio de Soutomaior, que se narra en *Salvador de Occidente*; as repercusións dunha biografía esquiva como a de San Patricio relatada en *A ponliña irlandesa*, o que dá pé a abeirar un pobo amigo,

creador de creadores de Ulises máis urbanos, ou as pescudas na cerna dos finais da Idade Media, cando á Galiza lle tallaron as oportunidades da súa existencia emancipada, como figura na novela *Por tras dos meus ollos*. Por tras dos ollos da narradora, María, por tras do que os anais contan que ven, e ollan de novo Soutomaiores visionarios que foron tratados como tolos, Fonsecaas estranxeiros que traizoan a terra da que viven, raíñas con intencións pouco católicas, Irmandiños con algún membro pouco irmandado; por tras destas percepcións fica a verdade que rexeita a propaganda dos textos. Como di María do seu relato:

Poderemos lelo nos cronistas, mais calquera coñece que as crónicas esbardallan e sabemos todos que son mentira. Mentiras que ninguén cre.

A verdade téñoa aquí, por tras dos meus ollos, ben gravada. E a verdade fulgurou sempre, e sempre o fará. (páx. 126)

A verdade impéleo a explorar todos os cruzamentos nos que a historia zorregou á Galiza, mesmo se pregoaba a súa liberación. Neste sentido Nacho Taibo, igual que deambula por tempos e territorios, vaga tamén pola historia da literatura dos últimos decenios, que é á fin a súa historia. Contribúe a ensanchar os relatos, máis ou menos alegóricos, dos momentos chave do decorrer da historia galega que conforman unha das liñas temáticas da narrativa do último terzo do século XX, e faino desde unha perspectiva orixinal e transgresora: a do fragmentarismo, a da carnavalización bakhtiá, a da hibridación, a da intertextualidade, tamén a da experimentación co discurso e a estrutura da novela que, como a existencia, non se axusta á liña recta. Faino, secasí, desde o diálogo coa contemporaneidade literaria e cultural que segue a liña do que sistematizaron un Brian McHale ou un Fredric Jameson.

Mais volvamos trala digresión a unha nova faciana da discordancia entre o Madrid que quere ser centro e a Galiza á que fan periferia. O escritor no seu tempo tamén se posiciona no presente de finais dos 70 e principios dos 80, cando a cacarexada transición non nos conduciu ás demarcacións que auguraba a democracia. O Amancito da *Semancia*, un novo madrilego, que non é quen de conciliar a herdanza centralista e ultracatólica do franquismo coa aparente heteroxeneidade que agroma trala morte do ditador; que non sabe manexarse nunha sociedade de progres de postín, de nacionalistas burgueses, de autonomistas diglósicos, do autoodio cara á lingua que non é máis, nin menos, que un autoodio clasista, das coartadas dun capitalismo voraz disfrazado de modernidade. Só lle queda a saída da loucura, da esquizofrenia, do delirio. Só é posible o refuxio que ofrecen as personalidades dobres, diagnose profesionalizada para catalogar a quen nace coa marca dunha identidade dupla. Nacho Taibo sempre amosará a súa preferencia polos personaxes gretados. Mais, seguindo esa viaxe literaria pola narrativa galega da democracia, prolonga e preludia a querenza polos entes de ficción, tan á moda nos 80 e 90, que presentan alteracións na percepción da

realidade, moitas veces como metáfora das continxencias dun país social e lingüisticamente escindido. Adiántase deste xeito a algúns protagonistas das obras de Suso de Toro, Xurxo Borrazás, Xabier López, Margarita Ledo ou Xavier Manteiga no seu gusto, asentado nun clásico da literatura universal, polos sosias, polos suxeitos e as súas sombras, polos trastornos de identidade dissociativos, se queremos vestir a terminoloxía da asepsia científica. Nacho é mestre, outra volta, nas técnicas do contar.

Dobre será o personaxe Doncos, o pacífico, que dá nome a unha das súas novelas, cando deixa a súa ocupación como empresario sen escrúpulos, unha vez convertido en pacifista, e aproveita as súas dotes na cinesia para estragar desfiles militares por todo o planeta. Dobre será tamén o protagonista, ou os protagonistas, de *Homes de ningures*, recoñecida co Premio da Crítica á mellor novela de 1978. Nela amósanse as vidas paralelas do ruso Niéstor Galkin, desenganado coa alienación laboral que lle supón o seu traballo nun banco soviético, e o galego Breixo Freire, metamorfoseado en «anarquista autodidacta» tras moitas mudas desalentadoras, algunhas propias da súa condición de emigrante (páx. 80). A analoxía que permite que se acoplen nun único individuo, como non podía ser doutro xeito, constitúea a capacidade para residir no soño, para estirar a vida de fóra nos interiores do caletre, na que queda tras dos ollos, onde se dilúen tamén as fronteiras entre o onírico e o real. Como recolle nun dos textos de *Flor do Grelo*:

Soñei que moitos pequenos soños non daban construído un único soño real e consistente.

Eu ben sei que só soño mentiras.

Ou o que creo saber soñeino?

Ou soñei o que sei.

Ou o que creo saber soñeino? (páx. 33)

As identidades dobres convértense no único xeito de enfrontar a Guerra Civil, tema que non podía quedar fóra da órbita do autor Nacho Taibo. *Os tres de nunca*, homenaxe ao fado poliédrico de Castelao e Blanco Amor, eríxese así na novela total, no compendio do seu ideario vital e literario. No epítome das travesías pola xeografía temporal e humana no que tamén hai moito da xeografía persoal, a familiar e coruñesa. Viaxe que só se pode facer desde a visión coral que dá o fragmento, o período breve dun multiperspectivismo largo no que o sobrenatural se materializa para facer viable a supervivencia. Os canzorros vivaces dos mosteiros, os pasadizos polos que os trasnos nos guían cara outras dimensións posibles nun tempo en curva, adquiren unha consistencia moito máis sólida que a das identidades dobres dos traidores, dos espías, dos covardes. Incluso dos que se xactan dunha ética, aliada, que venden ás escuras no mercado negro da impudicia. O mesmo mercado no que as boas familias, sintagma que dá nome a unha das súas

novelas que compendia a historia máis obscena da Galiza desde a Ilustración ata o século XXI, traficaban primeiro con escravos e logo cos paisanos que emigraban.

Moito se pode dicir do discurso do escritor: do seu coidado de ourive pola lingua, nunca conformista nin banal, do respecto por quen recibe o texto ao que se interpela desde a intelixencia, do humor exuberante que tamén colle na fórmula breve do aforismo futurista, da experimentación coa estrutura interna da novela que revela o desenvolvemento fractal da realidade e dos desexos, incluso do seu rexeitamento frontal ao fútbol, estilema presente en moitas das súas narracións. Mais a constante de toda a súa obra, a arela que cruza ese arrastre en curva do tempo desde a mocidade, ten que ver coa intención primeira do escritor que se estrea, que el cataloga de inocente, de conxugar imaxinación de estirpe cunqueirá coa denuncia da inxustiza. Non quedou Nacho Taibo un Cándido de Voltaire, ou nun Canditaibo, que diría el, seguramente con máis graza. O seu propósito non caeu nunha inxenuidade estéril. Porque as viaxes só son odiseas cando percorren os territorios da dignidade e as travesías só poden narrarse coa semántica que dá o vivir intenso e comprometido. Como dicía o poeta Vinicius de Moraes, autor e cantor ben querido por Nacho Taibo, posuidor dunha retranca amable ben similar á do noso escritor, nunha letra que ben podería rubricar Nacho para referirse a ese ritmo en saudade agarimosa que move os pés do seu devir:

Quem já passou
Por esta vida e não viveu
Pode ser mais, mas sabe menos do que eu
Porque a vida só se dá
Pra quem se deu
Pra quem amou, para quem chorou
Pra quem sofreu.